

Convenio de colaboración educativa entre a Xunta de Galicia, a través da Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional e o complexo industrial ALCOA San Ciprián sobre a colaboración educativa nas ensinanzas de formación profesional

Santiago de Compostela, 16 de decembro de 2024.

REUNIDOS

Dunha parte, don Román Rodríguez González, conselleiro de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional da Xunta de Galicia, en representación desta consellería, e de conformidade coas atribucións conferidas no artigo 34.1 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa Presidencia e nos Decretos 42/2024, do 14 de abril, polo que se establece a estrutura orgánica da Xunta de Galicia e 44/2024, do 14 de abril, polo que se nomean os titulares das consellerías da Xunta de Galicia.

Doutra, dona María Abel Pérez Ferrol, xefa de Recursos Humanos de Alúmina Española, S.A., actuando no seu nome e representación da empresa.

Interveñen en función dos seus respectivos cargos e en exercicio das facultades que para convir, en nome das entidades que representan, teñen conferidas.

EXPOÑEN

1. Que a Lei Orgánica 2/2006, de 3 de maio, de Educación, determina no artigo 39 que a formación profesional, no sistema educativo, ten por finalidade preparar ao alumnado para a actividade nun campo profesional e facilitar a súa adaptación as modificacións laborais que poidan producirse ao longo da súa vida, así como contribuír ao seu desenvolvemento persoal e ao exercicio dunha cidadanía democrática.

Igualmente, contempla no apartado 2 do artigo 42, que o currículo das ensinanzas de formación profesional incluírá unha fase de formación práctica nos centros de traballo, da

que poderán quedar exentos os que acrediten unha experiencia laboral que se corresponda cos estudos profesionais cursados.

2. Que o Real Decreto-lei 2/2023, do 16 de marzo, de medidas urxentes para a ampliación de dereitos dos pensionistas, a redución da brecha de xénero e o establecemento dun novo marco de sustentabilidade do sistema público de pensións, modifica a Disposición adicional quincuaxésima segunda. Inclusión no sistema de Seguridade Social do alumnado que realice prácticas formativas ou prácticas académicas externas incluídas en programas de formación do texto refundido da Lei Xeral da Seguridade Social, aprobado polo Real Decreto Legislativo 8/2015, do 30 de outubro.

En dita nova redacción dise o seguinte:

1. A realización de prácticas formativas en empresas, institucións ou entidades incluídas en programas de formación e a realización de prácticas académicas externas ao amparo da respectiva regulación legal e regulamentaria, determinará a inclusión no sistema da Seguridade Social das persoas que as realicen nos termos desta disposición adicional.

4. O cumprimento das obrigacións á Seguridade Social axustarase ás seguintes regras:

b) No caso das prácticas formativas non remuneradas, o cumprimento das obrigacións de Seguridade Social corresponderá á empresa, institución ou entidade na que se desenvolvan aqueles, salvo que no convenio ou acordo de cooperación que, no seu caso, subscríbase para a súa realización dispóñase que tales obrigacións corresponderán ao centro de formación responsable da oferta formativa. Quen asuma a condición de empresario deberá comunicar os días efectivos de prácticas a partir da información que facilite o centro onde se realice a práctica formativa.

Pola entidade que resulte responsable conforme ao indicado no parágrafo anterior solicitarase da Tesourería Xeral da Seguridade Social a asignación dun código de conta de cotización específico para este colectivo de persoas”.

3. Que o Decreto 114/2010, do 1 de xullo, polo que se establece a ordenación xeral da formación profesional do sistema educativo de Galicia, na súa disposición adicional segunda, contempla a relación coas empresas nos seguintes aspectos:

a. A consellería con competencias en materia de educación promoverá a colaboración coas empresas e entidades empresarias e, en particular, coas máis implicadas en sectores clave da economía galega e as relacionadas cos sectores emerxentes.

b. Esta colaboración ten a seguinte finalidade:

- Impartición de módulos profesionais incluídos en títulos de formación profesional ou módulos formativos incluídos en certificados de profesionalidade nas instalacións das empresas, co fin de garantir que a formación se realice cos equipamentos máis actuais.
- Actualización profesional dos traballadores e as traballadoras, así como do profesorado. Esta formación poderá incluír estadias temporais do profesorado nas empresas, tanto para a formación dos seus traballadores e das súas traballadoras como para a actualización do profesorado.
- Desenvolvemento conxunto de proxectos de innovación

c. A colaboración formalizarase mediante convenio.

4. Que o 23 de xaneiro de 2024 asinouse un convenio con ALCOA que daba continuidade á colaboración establecida no convenio asinado en setembro de 2010 entre a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria e a empresa Aluminio Español S.A./Alúmina Española S.A. sobre a colaboración educativa nas ensinanzas de formación profesional. Unha vez finalizada a vixencia do último convenio quérese continuar coa dita colaboración mediante a sinatura deste convenio.

5. Que a Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional e o complexo industrial ALCOA están dispostas a colaborar en todos aqueles aspectos que melloren as competencias do alumnado de formación profesional e se adapten ás actuais necesidades formativas do mercado laboral e así condúzan a unha óptima inserción laboral deste alumnado.

En consecuencia, ambas as partes acordan asinar este convenio, que se rexerá polas seguintes,

CLÁUSULAS

Primeira. Obxecto do convenio

O presente convenio ten por obxecto establecer a colaboración no campo da formación profesional entre a Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional

e o complexo industrial ALCOA San Ciprián. Esta colaboración levarase a cabo nos seguintes campos de actuación:

- a. Realización do período de prácticas na empresa nas instalacións de ALCOA por parte do alumnado que curse o ciclo formativo de grao superior Química Industrial, e o desenvolvemento do mesmo nas instalacións do complexo industrial ALCOA en San Ciprián.
- b. Promoción de ensinanzas de formación profesional da familia química: ciclo formativo de grao superior Química Industrial.
- c. Promoción e difusión destas ensinanzas, así como das súas saídas profesionais entre o alumnado de formación profesional.

Segunda. Período de prácticas na empresa

Os centros dependentes da Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional que impartan ensinanzas de formación profesional determinarán, por escrito, o alumnado proposto para realizar a formación en empresa nas instalacións do complexo industrial ALCOA San Ciprián para cada curso escolar e de acordo coas estipulacións previstas neste convenio. Neste documento, determinarase o seu calendario e o seu horario, que terá que axustarse ao previsto no prácticas en empresa.

ALCOA San Ciprián responsabilizarase da formación do alumnado que acepte ter cada ano, para o que designará aos/ás titores/as responsables de cada área formativa. O centro educativo tamén designará un/ha titor/a ou titores/as que colaborarán co/a titor/a da empresa na elaboración do programa formativo e no apoio técnico ao alumnado.

Cada alumno/a asistirá ao centro de traballo provisto da súa tarxeta de identificación ou DNI, e observará as normas do centro de traballo no tocante á puntualidade, asistencia e comportamento. ALCOA San Ciprián poderá desistir libremente de continuar a colaboración formativa, respecto de calquera alumno/a, por incumprimento das normas, abondando para iso unha comunicación escrita ao centro escolar, oído previamente o/a titor/a do/a mesmo/a. O alumnado en prácticas non terá en ningún caso vinculación laboral coa empresa, non podendo establecerse entre esta e aquel/a ningunha relación contractual, nin sequera baixo as modalidades de contratos formativos, previstos no artigo 11 do Real decreto legislativo 2/2015, do 23 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores, polo que o alumnado acollido a este convenio queda absolutamente excluído da lexislación laboral. Durante o período de prácticas concertado non se poderá formalizar ningunha modalidade de contrato de traballo entre ALCOA e o/a alumno/a, mentres non se

revoque expresamente o convenio de colaboración formativa entre o centro educativo e a empresa, respecto dese/a alumno/a.

Os riscos por accidentes de traballo derivados da realización das prácticas, tanto se afectan ás cousas ou a terceiros coma ao propio alumnado, incluídos os constitutivos de invalidez ou determinantes de morte, quedan cubertos por unha póliza de seguro colectivo adicional de carácter civil que ten subscrita a Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional.

Unha vez rematado a con avaliación satisfactoria no período de prácticas na empresa, o alumnado incorporarase á base de datos curricular da empresa podendo participar en futuros procesos de selección da mesma nos que se terá en conta o período de formación na empresa.

Terceira. Afiliación ao sistema de Seguridade Social do alumnado participante

Durante o tempo que duren as actividades formativas realizadas na empresa o alumnado estará dado de alta na Seguridade Social tal e como establece a disposición adicional quincuaxésima segunda do texto refundido da Lei da Seguridade Social, que determina a inclusión, e os termos desta, no sistema da Seguridade Social do alumnado que realice prácticas formativas que inclúen as realizadas polo alumnado de formación profesional e de ensinanzas de réxime especial.

A Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional asumirá a xestión centralizada e o custe económico desta medida.

Cuarta. Promoción de ensinanzas de formación profesional da familia química: ciclo formativo de grao superior Química Industrial

ALCOA San Ciprián colaborará na impartición das ensinanzas de formación profesional inicial do ciclo formativo de grao superior Química industrial, que se impartirá nas instalacións do Instituto de Educación Secundaria Marqués de Sargadelos de Cervo.

A Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional aportará o persoal docente, necesario para o desenvolvemento das ensinanzas do ciclo formativo Química industrial.

ALCOA San Ciprián colaborará no proceso formativo do alumnado, naqueles módulos profesionais ou parte deles que requiran:

- Dunha formación específica que non poida ser impartida por funcionarios docentes da Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional, aportando o persoal necesario coa cualificación requirida.
- De talleres ou instalacións especiais dos que dispón a referida empresa.

Neste sentido o alumnado recibirá un total de 150 horas de prácticas na empresa, e que se repartirán do seguinte modo:

- No primeiro curso, 80 horas correspondentes aos módulos de :
 - Operacións básicas na industria química.
 - Transportes sólidos e fluídos.
 - Prevención de riscos en industrias químicas.
- No segundo curso, 70 horas correspondentes aos módulos de :
 - Regulación e control de proceso químico.
 - Xeración e recuperación de enerxía

Adicionalmente, ALCOA San Ciprián comprométese a recibir para a realización do período de prácticas na empresa a un número de alumnos dos que estean en disposición de realizar a referida formación. A selección deste alumnado realizarase conforme ao proceso selectivo habitual na empresa para o posto de Operador B.

Durante o período de formación na empresa o alumnado realizará adestramento en réxime de xornada fraccionada con horario definido no convenio colectivo vixente en ALCOA San Ciprián.

Como formación adicional en seguridade, o alumnado recibirá tamén, no período de prácticas na empresa, un adestramento específico neste ámbito.

Quinta. Desenvolvemento e supervisión das ensinanzas

Estas ensinanzas da familia química forman parte da oferta formativa do IES Marqués de Sargadelos de Cervo, para todos os efectos académicos e administrativos. Correspóndelle á Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional o establecemento, o desenvolvemento e a supervisión dos plans educativos propios da consellería. O centro, nos seus ciclos formativos específicos, queda sometido ao servizo de inspección educativa da Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional, segundo a normativa vixente para os centros públicos.

Sexta. Comisión de seguimento

Establecerase unha comisión de seguimento, control e supervisión, que se reunirá cando se considere oportuno por calquera das partes asinantes.

Esta comisión estará constituída por:

- a. Dúas persoas representantes da Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional, unha das cales exercerá a presidencia da comisión.
- b. Dúas persoas representantes de ALCOA San Ciprián.
- c. Unha persoa funcionaria da Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional que actuará como secretaria.

As súas funcións serán as seguintes:

- a. Seguimento das ensinanzas do ciclo formativo química industrial.
- b. Colaborar nas accións de formación na empresa.
- c. Programar as actuacións relativas á formación previstas na cláusula primeira.
- d. Resolver as cuestións, dúbidas e discrepancias que podan aparecer na execución das actuacións, e que algunha das partes eleve a comisión.

Sétima. Vixencia do acordo

O convenio estará vixente desde a data da súa sinatura ata o 31 de agosto de 2025, podendo prorrogarse, por acordo das partes mediante a addenda correspondente. Non obstante, o convenio poderá denunciarse por calquera das partes; a denuncia deberá realizarse por escrito

e con dous meses de antelación á data na que se queira poñer fin á relación entre as partes.

Oitava. Causas de resolución do convenio

Serán causa de resolución do presente convenio:

- a. transcurso do prazo de vixencia do convenio.
- b. O acordo unánime dos asinantes.
- c. O incumprimento das obrigas e compromisos asumidos por parte dalgún dos asinantes.
- d. Por calquera outra causa distinta das anteriores prevista no convenio ou noutras leis.

Novena. Obrigas económicas

Da aplicación deste convenio non se derivará contraprestación económica algunha entre as partes asinantes do mesmo.

Décima. Protección de datos

De conformidade co disposto na Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais, e co Real decreto 1720/2007, do 21 de decembro, polo que se aproba o Regulamento de desenvolvemento da Lei Orgánica 15/1999, de 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, as partes implicadas no que por razón das actividades previstas neste convenio teñan acceso a datos de carácter persoal, non disporán dos mesmos con finalidade distinta á esixida polas accións formativas.

Neste sentido, haberá que atender ao contemplado no Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello de 27 de abril de 2016 relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación de estes datos e polo que se derroga a Directiva 95/46 CE (Regulamento xeral de protección de datos).

Décimo primeira. Publicidade do convenio, transparencia e bo goberno

A firma deste convenio suporá o consentimento expreso do interesado á administración para incluír e facer públicos os datos referidos ao convenio de conformidade co artigo 15 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, co artigo 8 da Lei 9/2013, do 9 de decembro, (BOE 10-12-2013) de transparencia, acceso á información pública e bo goberno e co Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia.

Décimo segunda. Carácter administrativo do convenio

O presente convenio de colaboración posúe carácter administrativo por razón do contido e materias sobre as que o mesmo versa, as cales ao abeiro do disposto na Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, o exclúen do seu ámbito de aplicación, sen prexuízo da aplicación dos principios desta lei para resolver as lagoas ou dúbidas que a súa aplicación suscite, conforme ao contemplado no artigo 4 da citada lei.

Dada a natureza administrativa deste instrumento xurídico, as controversias ou cuestións litixiosas que puideran xurdir na súa aplicación e non puidesen ser solucionadas no seo da comisión de seguimento, serán resoltas pola xurisdición contencioso-administrativa.

E en proba de conformidade co exposto, ambas as partes firman o presente convenio por triplicado, no lugar e data indicados no encabezamento.

O conselleiro de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional

Román Rodríguez González

A xefa de Recursos Humanos de Alúmina Española, S.A.

María Abel Pérez Ferrol